

MÁSTER EN FILOSOFÍA: COÑECIMIENTO E CIDADANÍA

GUÍA DOCENTE | 2025-26

ÉTICAS APLICADAS

1. INFORMACIÓN BÁSICA

DESCRICIÓN

Esta é unha materia obrigatoria do Máster en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía, impartida durante o primeiro semestre. É de 3 créditos ECTS, 21 horas ECTS. É dependente da Área de Filosofía Moral.

PRERREQUISITOS

Pode ser cursada sen unha formación previa en filosofía moral e ética aplicada, se ben iso supón un esforzo extra. Idealmente o estudo da materia debería ir precedido por un coñecemento previo básico destas disciplinas

IMPARTICIÓN

Será impartida en lingua galega. De haber estudantes que por provir de fóra do territorio galego teñan dificultades co idioma, recibirán todas as explicacións a maiores para unha comprensión adecuada dos contidos durante o horario de tutorías.

A materia impártea o prof. da Área de Filosofía Moral Oscar Horta.

A información relevante da materia, así como os avisos e calificacións, será subida á páxina desta no campus virtual da USC.

2. SITUACIÓN DA MATERIA NA TITULACIÓN

Como amosa o propio título do Máster en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía este ten dous peares fundamentais relativos aos desenvolvementos do pensamento filosófico actual, un de carácter máis teórico (o relativo ao coñecemento) e outro de carácter máis práctico, referente en especial a cuestións ético-políticas (o relativo á cidadanía). Esta materia incardínase neste segundo ámbito. O pensamento filosófico moral está a cobrar unha importancia salientábel no estudo de distintos conflitos éticos de carácter netamente práctico que se dan nas sociedades contemporáneas. Esta materia ten como obxecto dar conta deste.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Os obxectivos da materia consisten na adquisición e/ou práctica das seguintes competencias. Moitas son xerais, isto é, desexábeis para a formación xeral en filosofía e noutras disciplinas, outras son propias do campo que cubre esta materia:

COMPETENCIAS BÁSICAS E XERAIS

- Posuír capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.
- Saber aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.
- Saber transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións.
- Capacitación para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.
- Habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de seren abordados e resoltos.
- Coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas.
- Capacitación para aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- Capacitación para integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, permita reflexionar sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- Capacitación para comunicar conclusións, e as razóns últimas que sustentan estas, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- Habilidades de aprendizado para continuar a estudar dun xeito que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

- Dominio das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Dominio das fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.
- Saber valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.
- Coñecemento dos valores ligados aos dereitos e diversidade, así como os que levan á crítica das desigualdades de xénero.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

- Coñecemento e comprensión de perspectivas filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.
- Destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- Habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.
- Saber aplicar os coñecementos adquiridos a resolución de novos problemas.
- Ser quen de analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
- Saber expresarse oralmente e por escrito, comunicar, debater e deliberar.

4. CONTIDOS

PLANO XERAL

A materia ofrece unha panorámica xeral dunha serie de problemas básicos das éticas aplicadas, así como dos conceptos e argumentos máis xerais para examinar estes. Divídese en 7 temas, a cada un dos cais se lle adicarán dúas sesións.

Non se pretende que cada un dos temas faga unha exposición detallada das diferentes posicións e argumentos en liza na discusión de tal problema, senón explicar en que consiste

este, cal é a súa relevancia práctica, as solucións mais aceptadas e os termos nos que se da a discusión para solventalo.

A lista de temas é a seguinte:

Tema 1. Razóns, conceptos e focaxes en ética aplicada

Tema 2. Discriminación e consideración moral

Tema 4. Éticas centradas na sintiencia e o seu contraste coas éticas medioambientais

Tema 5. Ética da intelixencia artificial

Tema 6. Teoría da decisión, distribución e ética aplicada

Tema 7. Ética avanzada de poboacións

Tema 8. A cuestión da esixencia moral e a consideración do futuro

5. METODOLOXÍA DA DOCENCIA

Cada tema será tratado nunha aula inicial de carácter máis expositivo e noutra seguinte de tipo interactivo. Na primeira destas levarase a termo unha presentación dos problemas propios do tema. Nesa sesión explicaranse tamén os textos cos que se tratará o tema. Na seguinte sesión, a máis interactiva, discutiránse os textos e os problemas na aula. Para cada unha das 7 aulas de tipo interactivo, cada estudante levará preparada unha tese concreta acerca do problema tratado, así como un esquema argumental de como defender esta e cuestionar outras visións alternativas, preparando un pequeno texto respostando ás cuestións centrais do tema.

Durante as titorías de grupo explicaranse e traballaranse os contidos do ensaio, así como as dúbidas relativas aos outros temas tratados na materia. Estas terán lugar na metade do curso, a finais do mes de novembro.

REQUERIMENTOS PARA AS AULAS

A materia require necesariamente da participación moi activa do alumnado nas aulas. Na participación na aula nengunha clase de atitude irrespectuosa co resto que se detecte será aceptada. As opinións que parezan estrañas ou aparentemente moi erradas terán que ser

obxecto de consideración e atención tanto como as que estexan mais en liña co que comunmente pensamos ou que parezan correctas de maneira mais aparente. Así mesmo, farase entrega en cada unha das segundas sesións de cada tema dunha breve exposición escrita da tese defendida e o esquema argumental para a súa defensa.

TRABALLO PREVIO ÁS AULAS

Para que o traballo na aula poida levarse adiante é preciso que o estudantado teña traballado os textos de apoio (que estarán dispoñíbeis na aula virtual), así como o desenvolvemento das súas propias teses e esquemas argumentais sobre os problemas tratados na materia. Non se pode superar a materia se non se leva adiante este traballo.

6. AVALIACIÓN

Hai dúas maneiras de superar a materia: ao longo do curso, presentando os traballos necesarios, ou realizando o exame final. Esta última é a opción dispoñíbel para as persoas que ou ben non teñan o rendemento adecuado ao longo do curso ou ben non acudan ás clases (inclúese nesta situación, pois, o alumnado con dispensa ou exención de asistencia a clases presenciais).

A avaliación da materia basearase nas breves exposicións por escrito entregadas para cada tema e nun ensaio que se entregará ao final do curso. Alén disto, a participación na aula poderase contar positivamente a maiores.

Os ensaios finais cumprirán os seguintes requisitos:

- Tratarán dun tema abordado na materia.
- Consistirán na presentación dunha liña argumental, defendendo unha tese.
- Terán unha estrutura ordeada. Constarán de resumo inicial, introdución expondo a tese, liña argumental e estrutura do traballo, estruturación conseguinte por seccións e conclusión final.
- Incluirán as referencias relativas a cada posición ou argumento dalgunha outra autora ou autor ou da información obtida. Para iso seguirase de maneira consistente ao longo do texto algún dun sistemas de citado académico.

- Seguirán o formato de texto académico estándar (Times New Roman tamaño 12, con notas a rodapé tamaño 10, interlineado 1,5, párrafo xustificado, sen portadas).
- Terán unha extensión de canto menos 3000 palabras.

A consideración do ensaio a entregar no final do curso será a mais importante, e avaliará as seguintes competencias:

- Posuír capacidades e coñecementos para a análise crítica en relación a aportacións investigadoras.
- Saber aplicar os coñecementos que adquiran para identificar, formular e resolver problemas do noso tempo.
- Capacitación para unha dinámica de reflexión con actitude proactiva e creativa na procura de solucións.
- Habilidades para recoñecer, nos diversos saberes e na práctica social, cuestións e problemas susceptibles de seren abordados e resoltos.
- Coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas.
- Capacitación para aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
- Capacitación para integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, permita reflexionar sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
- Capacitación para comunicar conclusións, e as razóns últimas que sustentan estas, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
- Dominio das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Dominio das fontes de documentación científica, bibliográfica e dixital.

- Destrezas que permitan trasladar os coñecementos adquiridos ao ámbito da investigación.
- Saber aplicar os coñecementos adquiridos a resolución de novos problemas.
- Ser quen de analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
- Saber expresarse por escrito, comunicar, debater e deliberar.

Para adicionar ao anterior, a consideración das breves exposicións por escrito entregadas para cada tema avaliará as seguintes competencias:

- Saber transmitir coñecementos, ideas orixinais e solucións.
- Habilidades de aprendizado para continuar a estudar dun xeito que haberá de ser en grande medida autodirixido ou autónomo.
- Saber valorar de forma crítica a información para a resolución de problemas.
- Coñecemento dos valores ligados aos dereitos e diversidade, así como os que levan á crítica das desigualdades de xénero.
- Coñecemento e comprensión de perspectivas filosóficas relacionadas cos ámbitos temáticos do máster.
- Habilidades para a transmisión e ensino de contidos filosóficos relacionados cos ámbitos temáticos do máster.

Por último, a consideración da participación activa na aula colaborará na avaliación das seguintes competencias:

- Ser capaz de analizar e sintetizar, argumentar lóxicamente, formular xuízos, e deliberar conforme a criterios éticos.
- Saber expresarse oralmente, comunicar, debater e deliberar.

Na modalidade alternativa de avaliación, o exame, dado que esta é a contribución total á avaliación do curso anterior, esta será a avaliación da avaliación dos concursos xerais.

DIMENSIÓNS DA AVALIACIÓN

A distribución da nota ficará como segue:

ensaio: 6 ptos. + exposicións por escrito de cada tema: 4 ptos. = total: 10 ptos + participación activa na aula: 1 pto. extra.

Para superar o curso resulta obrigatorio ter asistido e entregado as exposicións de polo menos 5 temas.

• Nos ensaios avaliaranse as seguintes dimensións: (i) a súa calidade (de *contido* e *argumentativa*), que amosará o coñecemento do sentido e dos demais contidos específicos da materia, (ii) o *rigor formal*, que avaliará capacidade de composición de textos (iii) o *esfuerzo* investido nel, e (iv) o uso axeitado de *fontes bibliográficas*, que amosará a capacidade de comprensión e análise.

O exame substituirá a avaliación toda previamente sinalada, e nel avaliaranse os coñecementos expostos e a capacidade de comprensión, análise e argumentación.

REQUERIMENTO DE ORIXINALIDADE

De alguén copiar en calqueira momento, suspenderá o curso. Por copiar enténdese o plaxio, isto é tentar facer pasar por texto escrito por unha mesma ou por un mesmo algun texto escrito por outras persoas. Toda frase incluída no ensaio sen atribuírse a fonte e que fora redactada por outra persoa será considerada un plaxio. Para os casos de realización fraudulenta de exercicios será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

TEMPO DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

O tempo de traballo estimado para esta materia en correspondencia cos 3 créditos que ten é de 75 horas. Estas distribúense do xeito a seguir:

Tempo de traballo: 75 horas (3 ECTS):

- Horas de titorías: 3 horas
- Aulas expositivas: 9 horas.

- Aulas interactivas: 12 horas.
- Horas non presenciais: 51 horas no semestre.

RECOMENDACIÓNS PARA SUPERAR A MATERIA

A materia pode ser superada dun xeito que é perfectamente asequíbel de prepararse os temas. Facendo iso non só se poderá ter unha boa nota na parte da avaliación relativa ás exposicións, senón que se poderá ter unha boa participación activa na aula e se obterá unha familiaridade cos contidos da materia que facilitará a redación do ensaio.

7. BIBLIOGRAFÍA

Os textos básicos a traballar na materia serán os materiais subidos á aula virtual. Alén destes, a bibliografía complementaria da materia é a seguinte:

EN GALEGO/PORTUGUÉS

Cunha, Luciano C. *Uma breve introdução à ética animal: Desde as questões clássicas até o que vem sendo discutido atualmente*, Curitiba: Appris, 2021.

Ética Animal, *Introdução ao sofrimento dos animais selvagens*, Oakland: Ética Animal.

Galvão, Pedro (ed.), *Os animais têm direitos?: perspectivas e argumentos*, Lisboa: Dinalivro, 2011.

Horta, Oscar, *Na defesa dos animais*, Rianxo: Axóuxere, 2019.

Hottois, Gilbert & Missa, Jean-Noël (dirs.), *Nova enciclopedia de bioética*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2005.

McMahan, Jeff, *A Ética no ato de matar: problemas às margens da vida*, Porto Alegre: AltMed, 2011.

Singer, Peter, *Escritos sobre uma vida ética*, Lisboa: Dom Quixote, 2000.

EN CASTELÁN (INCLÚESE NESTA LISTA A BIBLIOGRAFÍA NON DISPONÍBEL EN GALEGO/PORTUGUÉS)

Aguiar, Fernando, “Teoría de la decisión e incertidumbre: modelos normativos y descriptivos”, *Empiria: Revista de Metodología de Ciencias Sociales*, 8, 2004, 139-160.

Amorós, Celia & de Miguel, Ana (eds.) *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización*, Madrid: Minerva, 2005.

Canto-Sperber, Monique (dir.), *Diccionario de ética y de filosofía moral*, Ciudad de México: FCE, 2001.

Gómez Franco, Irene, *Deudas pendientes: la justicia entre generaciones*, Madrid: Plaza y Valdés, 2020.

Horta, Oscar, *Trenes y brújulas: introducción a la ética*, Madrid: Plaza y Valdés, 2025.

Lara, Francisco & Francés, Pedro, *Ética sin dogmas: racionalidad, consecuencias y bienestar en el utilitarismo contemporáneo*, Madrid: Biblioteca Nueva, 2004.

Parfit, Derek, *Razones y personas*, Madrid: A. Machado Libros, 2004.

Resnik, Michael D., *Elecciones: una introducción a la teoría de la decisión*, Barcelona: Gedisa, 1998.

Singer, Peter, *Liberación animal*, Madrid: Taurus, 2011.

EN INGLÉS (INCLÚESE NESTA LISTA A BIBLIOGRAFÍA NON DISPONÍBEL EN GALEGO/PORTUGUÉS NEN EN CASTELÁN)

Anderson, Michael & Anderson, Susan L. (eds.), *Machine ethics*, Cambridge: Cambridge University Press, 2011.

Armstrong, Susan J. & Botzler, Richard G. (eds.), *The animal ethics reader*, 2ª ed., New York: Routledge, 2008.

Callicott, John Baird., *In defense of the land ethic: essays in environmental philosophy*, SUNY, Albany, 1989.

Crisp, Roger, *Reasons and the good*, Oxford: Oxford University Press, 2006.

de Lazari-Radek, Katarzyna, & Singer, Peter, *The point of view of the universe: Sidgwick and contemporary ethics*, Oxford: Oxford University Press, 2014.

Fieser, James & Dowden, Bradley, *Internet encyclopedia of philosophy*, 1995-2015, <http://www.iep.utm.edu>.

Glover, Jonathan, *Causing death and saving lives*, London: Penguin Books, 1977.

Holtug, Nils & Lippert-Rasmussen, Kasper (eds.), *Egalitarianism: new essays on the nature and value of equality*, Oxford: Oxford University Press, 2006.

Horca, Oscar, “Does discrimination require disadvantage?”, *Moral Philosophy and Politics*, 2, 2015, 277-297.

Kaplan, Mark, *Decision theory as philosophy*, Cambridge: Cambridge University Press, 1998.

Knight, Carl, “The injustice of discrimination”, *South African Journal of Philosophy*, 32, 2013, 47-59.

Lippert-Rasmussen, Kasper, “The badness of discrimination”, *Ethical Theory and Moral Practice*, 9, 2006, 167-185.

——— *Born free and equal? a philosophical inquiry into the nature of discrimination*, Oxford: Oxford University Press, 2014.

MacAskill, William, *Doing good better: effective altruism and a radical new way to make a difference*, New York: Gotham Books, 2015.

Moreau, Sophie R., “What is discrimination?”, *Philosophy and Public Affairs*, 38, 2010, 143-179.

Mulgan, Tim, *The demands of consequentialism*, Oxford: Oxford University Press, 2001.

Persson, Ingmar, *The retreat of reason: a dilemma in the philosophy of life*, Oxford: Oxford University Press, 2005.

Peterson, Martin, *An introduction to decision theory*, New York: Cambridge University Press, 2009.

Pojman, Louis J. (ed.), *Environmental Ethics: Readings in Theory and Application*, Wadsworth, Belmont, 1998.

Sachs, Benjamin, “The status of moral status”, *Pacific Philosophical Quarterly*, 92, 2011, 87-104.

Sterba, James P., *Earth ethics: environmental ethics, animal rights, and practical ethics*, Prentice Hall, Engelwood Cliffs, 1995.

Temkin, Larry S., *Inequality*, New York: Oxford University Press, 1993

——— “Personal versus impersonal principles: reconsidering the slogan”, *Theoria*, 69, 2003, 21-31.

——— *Rethinking the good: moral ideals and the nature of practical reasoning*, New York: Oxford University Press, 2012.

Weston, Anthony, *A practical companion to ethics*, New York: Oxford University Press, 1997.

Young, Iris M., *Justice and the politics of difference*, Princeton: Princeton University Press, 1990.

Zalta, Edward N. (ed.), *Stanford encyclopedia of philosophy*, 1995-2015,
<http://plato.stanford.edu>.

Outras referencias bibliográficas poderán ser facilitadas na aula.